-

# ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

# DEPARTAMENTO DE ALEMÁN

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2023-2024

# 6. INTERMEDIO B2

## 6.1. Descrición do Nivel

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas algunhas expresións idiomáticas de uso común.

## 6.2. Obxectivos xerais. Competencias

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

| Competencias do Nivel B2 |
|---|
| **Comprender** o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle. |
| **Producir e coproducir** descricións de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir. |
| **Comprender** o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en fragmentos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler. |
| **Producir e coproducir** textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (rexistro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples. |
| **Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional. |

## 6.3. Obxectivos específicos por destrezas

| OBXECTIVOS DO NIVEL B2 | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | **Comprender** conversas que presenten argumentación, aínda que con certas limitacións para captar a ironía e o humor.<br>**Comprender** exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.<br>**Comprender** información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.<br>**Comprender** películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con |

| | |
|---|---|
| | claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.<br>**Comprender** programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.<br>**Comprender** as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade. |
| **ACTIVIDADES DE PRODUCIÓN E COPRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS** | **Interactuar** espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.<br>**Resolver** problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.<br>**Explicar** os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.<br>**Dar opinión** e **argumentar**, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.<br>**Pedir** información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada…<br>**Expresar** puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.<br>**Facer preguntas** nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.<br>**Realizar** unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc. |
| **ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | **Comprender** con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.<br>**Comprender** diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.<br>**Comprender** formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.<br>**Comprender** artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.<br>**Comprender** instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.<br>**Comprender** textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.<br>**Seguir** a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario). |
| **ACTIVIDADES DE PRODUCIÓN E COPRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | **Escribir** textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.<br>**Redactar** informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.<br>**Resumir** ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p.e. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.<br>**Tomar** notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.<br>**Describir** de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.<br>**Facer** comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.<br>**Producir** textos de carácter académico, aínda que cungrao de elaboración limitada. |
| **ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN** | **Sintetizar e transmitir** oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.<br>**Sintetizar e transmitir** por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes<br>sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles. |

## 6.4. Competencias e Contidos

<table>
<tr><th colspan="2">Competencias e Contidos do Nivel B2</th></tr>
<tr><td>SOCIOCULTURAIS E LINGÜISTICOS</td><td>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos.<br><br>Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.</td></tr>
<tr><td>ESTRATÉXICOS<br><br>B1 e B2</td><td>Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo.<br><br>As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:<br>● Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.<br>● Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.<br>● Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe…).<br>● Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.<br>● Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)<br>● Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.<br>● Relacionar a información nova con coñecementos previos.<br>● Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.<br>● Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.<br><br>As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:<br>● Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas... informarse se hai axudas visuais etc.<br>● Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.<br>● Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.<br>● Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade…) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías…).<br>● Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta…).<br>● Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos dopropio texto, utilizando o seu coñecemento previo e experiencias.<br>● Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.<br>● Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.<br>● Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| **FUNCIONAIS** | *Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.*<br><br>**Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:**<br>● Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.<br>● Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.<br>● Redactar textos de ámbito académico.<br>● Entender e aventurar un diagnóstico simple.<br>● Desenvolverse con soltura nun comercio.<br>● Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.<br>● Construír argumentos razoados.<br>● Comparar e contrastar alternativas.<br>● Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.<br>● Sintetizar unha información.<br>● Especular sobre causas e consecuencias.<br>● Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.<br>● Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.<br>● Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos<br>● Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística…<br><br>**Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:**<br>● Poñer condicións para unha acción futura.<br>● Negociar un acordo.<br>● Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda.<br>● Expresar intención ou vontade.<br>-<br>**Usos directivos, teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo:**<br>● Pedir opinións sobre algo ou alguén<br>● Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.<br>● Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo<br>● Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos<br>.<br>**Usos fáticos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:**<br>● Participar, de xeito apropiado, en diferentes tipos de situacións sociais.<br>● Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)<br>**Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:**<br>● Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado<br>● Expresar dúbidas<br>● Presentar unha queixa ou reclamación<br>● Mostrar sorpresa e admiración<br>● Describir cambios de personalidade<br>● Discutir sobre a información recibida |

| | |
|---|---|
| **DISCURSIVOS**<br><br>**B1 e B2** | *Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.*<br>**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:**<br>• Anuncios publicitarios<br>• Instrucións e indicacións<br>• Conversas formais e informais<br>• Debates e discusións formais<br>• Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...<br>• Enquisas<br>• Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado<br>• Presentacións<br>• Cancións<br>• Representacións teatrais<br><br>**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:**<br>● Anuncios publicitarios e anuncios por palabras<br>● Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...<br>● Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...<br>● Informes, resumos e esquemas<br>● Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...<br>● Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas<br>● Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...<br>● Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...<br>● Catálogos<br>● Manuais de instrucións<br>● Guións<br>● Currículo<br>● Dicionarios<br>● Prospectos<br>● Receitas de cociña<br>● Adiviñas<br>● Biografías |

| | |
|---|---|
| **SINTÁCTICOS**<br><br>**B1 e B2** | *Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua.*<br><br>• Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo<br>• Posición e gradación do adxectivo. A comparación<br>• Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento<br>• Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores<br>• Posición e concordancia dos elementos da oración<br>• Uso da impersonalidade<br>• Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes<br>• Uso do imperativo afirmativo e negativo<br>• O aspecto. Incoativo, durativo<br>• O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición<br>• O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto<br>• Réxime preposicional con verbos frecuentes<br>• Adverbios. Usos e formas máis frecuentes<br>• Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais<br>• Posición e concordancia dos elementos oracionais<br>• Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa interrogativa, exclamativa, impersoal<br>• Oración composta. Coordinación<br>• Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais<br>• Correlación temporal nas oracións<br>• Uso de conectores propios do nivel<br>• Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos |
| **LEXICOS**<br><br>**B1 e B2** | *Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan e deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo.*<br><br>• **Actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas…<br>• **Actividades económicas e comerciais:** comercio, entidades e empresas, industria…<br>• **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...<br>• **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...<br>• **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais…<br>• **Educación:** o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos…<br>• **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións…<br>• **Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet….<br>• **Política e sociedade:** institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...<br>• **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos…<br>• **Saúde e coidados físicos:** movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética…<br>• **Tempo libre e actualidade:** actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...<br>• **Traballo e profesión**: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais…<br>• **Viaxes e transportes:** planificación das vacacións, experiencias persoais, |

| | |
|---|---|
| | problemas e incidencias...<br>• **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración... |
| **FONÉTICOS-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS**<br><br>**B1 e B2** | *Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.*<br>• Os fonemas que presentan maior dificultade.<br>• A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.<br>• A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.<br>• A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.<br>• Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos…).<br>• A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.<br>• recoñecemento e uso das formas ortográficas.<br>• O uso especial de maiúsculas e minúsculas. As siglas e abreviaturas de uso frecuente. |

## 6.5. Criterios de Avaliación

Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo a decisión das coordinacións do curso e sempre que as condicións particulares dos grupos o requiran, de tal xeito que se poida garantir o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

| AVALIACIÓN DO NIVEL B2 | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | **Comprende** exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.<br>**Comprende** textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.<br>**Comprende** o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.<br><br>**Comprende** textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas... |
| **ACTIVIDADES DE PRODUCIÓN E COPRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS** | **Interactúa** -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.<br>**Desenvólvese** en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.<br>**Expresa** e **intercambia** puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados ao propósito comunicativo.<br>**Realiza** en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito |

| | |
|---|---|
| | persoal, académico e profesional.<br>**Fai presentacións** breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.<br>**Realiza intercambios** de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.<br>**É capaz de reelaborar** información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.<br>**Presenta** unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.<br>**Exprésase** con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa. |
| **ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | **Comprende** información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións…, que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.<br>**Segue** as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.<br>**Distingue** entre feitos**,** opinións, argumentos, sucesos…, e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.<br>**Identifica** a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións… É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate. |
| **ACTIVIDADES DE PRODUCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | **Escribe** correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.<br>**Resume ou reformula** información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.<br>**Escribe** textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.<br>**Toma notas e redacta** informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.<br>**Escribe** pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico e propio do nivel.<br>**Utiliza** con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p.e. parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.<br>**É capaz de reelaborar** información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita. |

| | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN** | **Transmite** de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.<br>**Reelabora** documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.<br>**Repite ou reformula** a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas destinatarias.<br>**Organiza** adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia. |

## 6.5.1.Criterios de avaliación mínimos esixibles

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS. COMPRENSIÓN ORAL |
|---|
| O alumno será quen de:<br>• comprender eficazmente un abano de exposicións públicas cun certo nivel de complexidade, tanto na estrutura como no contido, referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou directamente relacionados coa experiencia xeral académica ou coa actividade profesional.<br>• N.B.: Porén, pode resultarlle difícil en ocasións acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece dun fío condutor.<br>• comprender textos extensos en lingua estándar transmitidos por diferentes canles, por exemplo, noticias en directo da radio e da televisión, programas sobre temas da actualidade (concursos, debates, roldas de prensa...), películas, representacións teatrais e outros textos audiovisuais.<br>• recoñecer as opinións e actitudes dos diferentes locutores, e non soamente ser quen de captar o sentido puramente informativo e factual do texto.<br>• N.B.: Terase en conta que condicións acústicas moi deficientes, unha deficiente organización discursiva ou o uso de estruturas pouco claras e de expresións idiomáticas, coloquiais, dialectais, etc. poden dificultar nalgunha medida a comprensión.<br>• comprender o que se lle di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, seguindo a argumentación sen problemas e comprendendo con precisión todos os detalles tanto en interaccións ben organizadas como en conversas sen unha estrutura previsible (cambios frecuentes de tema, interrupcións, solapamentos das quendas de palabra para engadir información ou para presentar outros puntos de vista, fases nas que pode haber máis dun tema en paralelo, etc.).<br>• comprender textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñan informacións precisas (por exemplo, a axenda dun día de traballo, avisos extensos transmitidos por medios técnicos, etc.), así como indicacións complexas (a distribución de tarefas nun equipo de traballo, o funcionamento dun equipamento novo, etc.) con suficiente detalle como para poder realizar con eficacia as tarefas necesarias, aínda que as condicións acústicas non sexan moi boas ou que non poida solicitar que lle repitan a información. |

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS. EXPRESIÓN, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA

O alumno será quen de:

- producir textos descritivos, narrativos e argumentativos, informando, expresando opinións, formulando hipóteses, etc., cun léxico amplo e bo control gramatical aínda que presente erros esporádicos, cunha pronuncia clara e natural.
- empregar con eficacia conectores variados para establecer as relacións entre as ideas e mostrar unha fluidez e unha facilidade de expresión notábeis.
- apartarse dun guión preparado para aportar nova información ou seguir outra liña de argumentación proposta ou iniciada por un interlocutor.
- intervir adecuadamente en conversas e debates con propósitos comunicativos como rebater, replicar, retractarse, etc., con precisión léxica e boa corrección gramatical e cunha fluidez e espontaneidade que permite a interacción sen supoñer tensións con falantes nativos.
- formular adecuadamente o tema, establecer un enfoque e axustarse aos cambios de tema, se é o caso, e reformular o que quere dicir, así como facer hipóteses e responder a elas, propor e avaliar solucións e resumir o dito.
- iniciar, manter e rematar o discurso adecuadamente facendo uso eficaz da súa quenda de palabra.
- negociar, procurar solucións e colaborar nun traballo para acadar un obxectivo, como organizar un acontecemento, discutir sobre un documento, reparar un aparato, etc., reaccionando adecuadamente e considerando as achegas dos demais, de xeito que se contribúa ao logro do obxectivo previsto, nunha situación comunicativa de colaboración na realización dunha tarefa ou negociación, ou na solución de conflitos, como unha reclamación ou unha petición de responsabilidades
- lograr eficazmente propósitos comunicativos como persuadir, consentir, corroborar, retractarse, expresar a intención de facer algo, etc.
- amosar naturalidade facendo comentarios, confirmando a súa comprensión ou invitando aos demais a participar.
- empregar o repertorio lingüístico apropiado, cun alto grao de precisión e corrección, malia algún erro esporádico, e amosar unha fluidez e facilidade de expresión notábeis, mesmo en intervencións relativamente longas e complexas.
- dirixir unha entrevista preparada previamente e improvisar preguntas sobre puntos importantes que xurdan á marxe do guión e xeradas pola interacción persoal, e participar en entrevistas como entrevistado.
- realizar funcións comunicativas como presentar alguén, confirmar, desmentir, expresar acordo, desacordo, descoñecemento, escepticismo, sorpresa, dar e pedir opinións, etc.
- utilizar recursos paralingüísticos adecuados – xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual- e empregar o repertorio lingüístico apropiado, cun alto grao de precisión e corrección, malia algún erro non sistemático, e amosar unha fluidez e facilidade de expresión notábeis - mesmo en intervencións relativamente longas e complexas-, e unha pronuncia clara e natural.
- falar e interaccionar con claridade e certa facilidade utilizando o ton e as inflexións da voz e ritmo adecuados, facendo a elección adecuada do tema e dos termos que o expresan, aínda que certas deficiencias léxicas poidan provocar vacilación e circunloquios.
- usar recursos paralingüísticos e todas as demais circunstancias físicas e as actitudes que acompañan a enunciación adecuada das ideas e a reacción perante as ideas dos outros.
- xestionar adecuadamente a quenda de palabra e a utilización natural de locucións e frases feitas que permitan gañar tempo e manter a quenda mentres se elabora o que se pretende dicir
- N.B.: terase en conta que se poidan cometer erros gramaticais ou léxicos non significativos nin sistemáticos e que non produzan malentendidos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS. COMPRENSIÓN ESCRITA

O alumno será quen de:

- seguir as fases detalladas nas instruccións ou en textos legais habituais, como un contrato de aluguer, e identificar e comprender detalles técnicos relevantes e as principais consecuencias.
- comprender normativas ou regulamentos extensos, manuais, libros de estilo, etc., amosando un dominio de vocabulario técnico e específico.
- distinguir entre feitos, opinións, argumentos, sucesos, etc., así como interpretar o que le, identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista e comprendendo os matices de sentido e de opinión perante puntos de vista e posturas concretas.
- comprender o texto malia a distancia sociocultural.
- identificar a intención do texto (solicitar, reclamar, citar, etc..) e comprender vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen requirimentos, ofrecementos, prazos, procedementos, dereitos, deberes e obrigas, acordos, reaccións, xustificacións, circunstancias de lugar e tempo, etc. sendo quen de reaccionar, en consonancia co propósito comunicativo, á vista da información esencial e dos detalles relevantes do texto de que se trate.
- identificar e seleccionar información concreta e abstracta en textos complexos de diversa extensión, relativos a temas propios dos diferentes ámbitos sociais, coa finalidade de considerar a importancia dos textos para realizar adecuadamente unha tarefa comunicativa como preparar unha conferencia, redactar un artigo ou un informe, elaborar protocolos, plans de actuación, actas, memorias, etc. ou para aumentar a cultura persoal.
- amosar un control gramatical e un amplo vocabulario activo de lectura propio do nivel, así como o dominio de aspectos relativos ao uso da lingua como a propiedade e a precisión.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS. EXPRESIÓN, INTERACCIÓN E MEDIACIÓN ESCRITA

O alumno será quen de:

- usar o rexistro axeitado, a organización da información adecuada ás características deste tipo de textos e o uso apropiado das estructuras lingüísticas.
- producir textos coherentes e cohesivos, nos que só ocasionalmente se cometen erros ao utilizar estructuras complexas de certa dificultade, e cuxas principais características serán a claridade e intelixibilidade e unha presentación propia deste tipo de texto (como por exemplo, portada, índice- se é o caso- introducción, feitos, consideracións e conclusións).
- producir textos como actas, convocatorias, regulamentos sinxelos e resumes que sinteticen información manexada ou recibida previamente, utilizando un rexistro neutro ou formal adecuado ao contexto do ámbito social.
- acadar que o texto producido sexa breve, e amose unha precisión lingüística e organización da información adecuada a este tipo de textos.
- identificar o motivo central das ideas principais que constitúen o contido dun texto emitido por calquera canal ou dun acontecemento.
- organizar a información anotadad de tal maneira que o texto ou acontecemento orixinal podería ser reconstruído conservando, como mínimo, a información relevante.
- incluir nas notas toda a información necesaria e lograr que éstas reflictan con concisión, precisión e o léxico adecuado aquilo do que se tomaron notas.

### 6.6. Temporalización

Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo a decisión das coordinacións do curso e sempre que as condicións particulares dos grupos o requiran, de tal xeito que se poida garantir o cump rimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

| **Unidade 1** | **Begegnungen** |
|---|---|
| **Temporalización: 11 de setembro – 28 de setembro 2023 (12 horas lectivas; incluída a presentación de principios de curso)** | |
| **Tema** | ***Os modos de vida na sociedade*** |
| **Tarefas** | **Preparación de probas**<br>Tanto a destreza PCME como a PCMO integraranse ao remate de cada unidade con xogos completos de actividades.<br><br>**Comprensión lectora:**<br>Ler varios textos arredor do tema e contestar preguntas, realizar actividades de xogo de roles, relacionalos con outros textos, indicar como continuaría unha historia<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar un texto oral e comprobar suposicións feitas con anterioridade e realizar actividades varias<br><br>**Expresión escrita:**<br>Escribir un correo electrónico a un/unha amigo/a para informar. Escribir un texto sobre un autor dun libro con axuda dunha información fornecida previamente. Buscar e redactar certa información sobre unha institución ou persoa coñecida relacionada co tema da unidade.<br><br>**Expresión oral:**<br>Formular preguntas e responder a outras para coñecer o resto das persoas integrantes do grupo. Manter unha conversa sobre empezar a vivir nun lugar novo. Comentar consellos segundo a experiencia propia de cadaquén para poder empezar a vida nunha cidade nova. Falar sobre as impresións que orixinan unhas imaxes de diferentes persoas. Falar sobre personas que se comprometen con proxectos sociais. Falar sobre un libro ou unha película, ou sobre unha persona importante na propia vida<br><br>**Mediación oral:** Averiguar semellanzas e diferenzas e discutir o modo de proceder común<br><br>**Mediación escrita:** Escribir un consello relacionado cos aspectos interculturais |
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>• Avaliar consellos para un novo comenzo nun país ou unha cidade alleos<br>• Falar sobre as propias experiencias<br>• Entender un *podcast* sobre prexuízos<br>• Falar sobre proxectos sociais<br>• Entender un texto literario e falar sobre figuras literarias |

| Contidos | |
|---|---|
| **Contidos** | FUNCIONAL-COMUNICATIVO<br>• Avaliar consellos para empezar a vivir de forma independente<br>• Falar de experiencias propias<br>• Comprender textos relacionados con prexuízos e os roles interculturais na sociedade<br>• Comprender información sobre un concurso.<br>• Falar sobre proxectos sociais actuais<br>• Dar consellos para o comezo nun país ou cidade novos<br>• Tratar de ti ou de vostede ao dirxirse a alguén<br><br>LINGÜÍSTICO (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>• A Oración: Orde de certos complementos na oración (*tekamolo*) e doutros<br>• A posición de *nicht* na oración<br>• Léxico relacionado cun novo comezo nun lugar e o que supón este cambio.<br>• Léxico relacionado cos estereotipos na cidade e na sociedade<br>• Entoación ao expresar emocións<br><br>ESTRATÉXICO<br>• Discutir dende diferentes puntos de vista<br><br>DISCURSIVO<br>Traballaranse textos descritivos sobre o comezo nun novo lugar, os estereotips e cuestións sociais por medio dos seguintes tipos de textos:<br>• Entradas nun foro, sms, entrevistas gravadas, anuncios publicitarios, táboas, artigos de prensa |

| Unidade 2 | An die Arbeit |
|---|---|
| **Temporalización: 2 de outubro - 19 de outubro 2023 (10 horas lectivas)*** | |
| **Temas** | ***O mundo laboral*** |
| **Tarefas** | **Comprensión lectora:**<br>Ler distintos tipos de texto como anuncios de traballo, unha carta de presentación, unha afirmacións relacionadas cunha entrevista de traballo ou uns diálogos e realizar as actividades correspondentes<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar informacións e relacionalas coa persoa de cada unha das imaxes dadas. Escoitar un *podcast* e desenvolver as actividades propostas. Escoitar un texto sobre as capacidades básicas e contestar unhas preguntas<br><br>**Expresión escrita:**<br>Falar sobre as actividades que executa cada persona nunha imaxe segundo o seu traballo. Escribir unha solicitude de emprego, facendo uso dos recursos expresivos axeitados. Escribir os argumentos en prol e en contra dun tema social concreto. Anotar os aspectos importantes dunha entrevista de traballo. Escribir varios logros acadados polos sindicatos. Redactar frases co obxectivo de refacer un texto. Escribir un currículo<br><br>**Expresión oral:**<br>Comentar en grupo todo aquilo que rodea a un festival. Conversar sobre as repercusións da dixitalización sobre certos traballos. Falar sobre a intención de varios anuncios de traballos lidos previamente. Comentar as solicitudes para unha oferta de traballo. Falar sobre unha cita e os debuxos que se relacionan con ela. Manter unha conversa sobre o traballo sen xefes ou directores. Opinar sobre un diálogo telefónico sobre un posto de traballo escoitado previamente. Debater sobre as profesións que se consideran máis importantes<br><br>**Mediación oral:** Recompilar semellanzas cando se dá un malentendido<br><br>**Mediación escrita:** Comparar diferentes postos de traballo en diferentes países |
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>● Manter unha conversa sobre diferentes tipos de traballo<br>● Contactar con alguén por teléfono. Preguntar por información e deixar unha mensaxe<br>● Diferenciar os tipos de traballos e as situacións á hora de atopar traballo<br>● Comprender textos sobre a temática do mundo laboral<br>● Falar sobre un posto de traballo<br>● Escribir unha solicitude de emprego<br>● Expresar a propia opinión en prol e en contra dun artigo e condicións de traballo<br>● Entender unha entrevista de traballo |
| **Contidos** | <u>FUNCIONAL-COMUNICATIVO</u><br>● Prepararse para unha entrevista laboral<br>● Adquirir recursos expresivos para unha solicitude de traballo<br><br><u>SOCIOCULTURAL E SOCIOLINGÜÍSTICO</u><br>● O mundo laboral en Alemaña como referencia de oportunidade de traballo para cidadáns estranxeiros<br><br><u>LINGÜÍSTICO</u> (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>● A oración: Uso de pronomes, artigos, adverbios preposicionais e conectores na oración<br>● Expresión de oracións condicionais de diferentes maneiras (con conector, sen conector, con preposicións + dativo)<br>● Léxico relacionado co mundo laboral. O significado de *falls, sofern, wenn*<br>● Pronunciación da secuencia de sons complexos (s-st/sch/sp/ch/z)<br><br><u>ESTRATÉXICO</u><br>● Prepararse para unha entrevista de traballo<br>● Organizar unha discusión / un debate<br><br><u>DISCURSIVO</u><br><br>Traballaranse os textos informativos e descritivos sobre postos de traballo e diálogos relacionados coas entrevistas de traballo:<br>• Entradas nun foro, esquemas, sms, entrevistas, anuncios publicitarios, táboas, artigos de prensa |

| Unidade 3 | Alles im Wandel |
|---|---|
| **Temporalización: 23 de outubro – 6 de novembro 2023 (10 horas lectivas)** | |
| Temas | *Evolución e cambios en Alemaña* |
| Tarefas | **Comprensión lectora:**<br>Ler a información de distintas fontes sobre datos de Alemaña e resolver preguntas de comprensión lectora. Ler textos e relacionalos cunha serie de conceptos dados. Extraer dun texto aqueles aspectos máis salientables. Ler varias achegas a un foro e noticias dunha páxina web para desenvolver a continuación as actividades propostas. Ler un test de personalidade e realizar unha valoración, opinando sobre os resultados obtidos. Ler unha gráfica sobre a evolución do número de horas de traballo e realizar unhas actividades concretas. Ler un texto sobre premios científicos existentes nos países de fala alemá e desenvolver as tarefas correspondentes<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar unhas escenas, relacionalas cunhas imaxes dadas e/ou contestar unhas preguntas. Escoitar exemplos de conversas para mellorar a fluídez sobre un tema concreto. Escoitar a presentación dun psicólogo e ordenar as afirmacións relacionadas. Escoitar unha conversa sobre as cifras dunha gráfica<br><br>**Expresión escrita:**<br>Escribir unha opinión nun foro. Escribir unha mensaxe a un xefe sobre un asunto laboral. Completar un texto sobre un accidente seguindo unas indicacións expresas. Completar un texto sobre política en xeral. Reescribir frases dadas. Escribir diferentes tipos de xustificacións Resumir un texto e completar a información con exemplos propios. Redactar un texto descritivo sobre unha gráfica.<br><br>**Expresión oral:**<br>Comentar os motivos dos cambios que se aprezan nunhas imaxes dadas. Conversar sobre a mobilidade na cidade de cadaquén. Realizar unha presentación sobre o sistema de transportes actual dunha cidade alemá de libre elección Comentar en grupo ideas que permitan executar cambios determinantes. Formular propostas para solucionar diversos problemas no eido laboral. Describir o tipo de persoa á que se refire un texto que amosa unha situación concreta relacionada co traballo. Falar sobre as horas extras e sobre unha gráfica representativa da evolución do cambio da xornada laboral co transcorrer do tempo. Describir o contido dunha gráfica, usando os recursos expresivos propostos. Realizar unha presentación sobre unha institución ou un persoeiro nacional ou internacional relacionados co tema dos cambios<br><br>**Mediación oral:** Aclarar por parellas o que significa un anuncio e/ou unha viñeta<br><br>**Mediación escrita:** Realizar un resumo sobre unha presentación, tomando nota dos aspectos máis importantes para explicala deseguido a unha terceira persoa. |
| Obxectivos | **SER CAPAZ DE:**<br>● Falar sobre os cambios acontecidos<br>● Describir os cambios no traballo e no caso de certas profesións<br>● Falar sobre os cambios máis importantes producidos nun país nos diferentes estratos da sociedade<br>● Comprender información de diversas fontes<br>● Debater sobre os medios de transporte<br>● Entender as actitudes e posturas cara á política<br>● Falar sobre as propias actitudes e expresar por escrito a propia opinión<br>● Entender e realizar propostas de mellora<br>● Expresar dúbida e aprobación<br>● Presentar unha información sobre experiencias relacionadas cunha viaxe sostible e sobre a contorna dos lugares de tránsito principais |

| | |
|---|---|
| **Contidos** | <u>FUNCIONAL-COMUNICATIVO</u><br>● Expresar opinións persoais sobre condicións laborais e argumentalas<br>● Falar de expectativas canto ao futuro laboral e expresar hipóteses<br>● Relatar experiencias persoais<br><br><u>SOCIOCULTURAL E SOCIOLINGÜÍSTICO</u><br>● A importancia dos cambios e avances nos países de fala alemá nos dous últimos séculos<br><br><u>LINGÜÍSTICO</u> (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>● O adxectivo: Formación e uso do *Partizip I* e *Partizip II* como adxectivo<br>● A oración: A conexión causal para expresar un motivo<br>● Léxico relacionado co transporte, a política e os procesos de cambio en xeral<br>● Refozo do son final das consonantes d/t, b/p, g/k<br><br><u>ESTRATÉXICO</u><br>● Formular dúbida ou consentimento e propostas sobre un tema en xeral<br>● Explicar algo dun xeito plástico<br><br><u>DISCURSIVO</u><br><br>Traballaranse os textos informativos e descritivos sobre postos de traballo e diálogos relacionados coas entrevistas de traballo:<br>● Entradas nun foro, esquemas, sms, entrevistas, anuncios publicitarios, táboas, artigos de prensa, etc. |

| **Unidade 4** | **Lass uns reden…** |
|---|---|
| **Temporalizaión: 9 de novembro ao 23 de decembro de 2023 (10 horas lectivas)** | |
| **Tema** | ***Comunicación*** |
| **Tarefas** | **Comprensión lectora:**<br>Ler unos fragmentos de textos e contestar preguntas, localizar as respostas a unhas preguntas, indicar a información máis salientable<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar unha conversa e/ou unha entrevista de radio e anotar os temas tratados, ordenalos. Escoitar ol fragmento dunha entrevista de radio e realizar unhas actividades<br><br>**Expresión escrita:**<br>Escribir unha serie de frases a partir dunha información dada. Redactar un texto resumido sobre un tema e refacelo, facéndoo máis sinxelo. Resumir un texto lido subliñando a información máis importante. Expresar por escrito a opinión persoal sobre *Online-Meetings* compartindo algunha experiencia. Escribir un poema e/ou un correo eletrónico seguindo un modelo<br><br>**Expresión oral:**<br>Conversar sobre as vantaxes e inconvenientes das reunións en liña. Comentar como mellorar unha entrevista en liña. Comparar opinións sobre as reunións en liña. Identificar os tipos de linguaxes a partir duns textos concretos. Reformular oralmente un texto dunha maneira máis sinxela. Comentar exemplos de comunicación entre os seres humanos e os animais. Manter unha conversa en grupo sobre unha situación complicada. Achegar ideas para mellorar un diálogo previo. Reproducir diálogos por parellas.<br>Opinar en grupo sobre a dificultade da linguaxe empregada por un comediante.<br>Realizar unha presentación sobre unha institución ou persoeiro do propio país ou internacional, relacionado coa comunicación.<br>Conversar sobre os efectos qdos animais sobre os seres humanos<br><br>**Mediación oral:** Conversar con terceiras persoas sobre temas delicados. Expresar sentimentos e desexos e reaccionar a unha crítica<br><br>**Mediación escrita:** Resumir situacións relacionadas cuns artigos e elaborar diálogos sobre determinadas situacións |
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>● Entender e completar fragmentos de conversas telefónicas<br>● Falar facendo uso das partículas modais<br>● Conversar sobre formas de comunicarse cos demais<br>● Comprender un *podcast* e videotitoriais<br>● Formular comparacións irreais<br>● Comprender un texto sobre as personas con diversidade funcional |

| | |
|---|---|
| | ● Resumir información ou escribir un texto de forma máis sinxela<br>● Falar sobre a comunicación entre animais<br>● Comprender un texto de investigación e formular un diálogo fantástico ou un texto periodístico<br>● Comprender unha entrevista de radio e comunicarse en situacións de conflito |
| **Contidos** | FUNCIONAL-COMUNICATIVO<br>• Falar sobre as formas que temos de comunicarnos cos demais<br><br>SOCIOCULTURAL E SOCIOLINGÜÍSTICO<br>• Tomar conciencia da importancia da adaptación dos medios de comunicación para as persoas con diversidade funcional<br><br>LINGÜÍSTICO (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>• As oracións: Uso das comparacións irreass con *ob, als wenn, als*<br>• Formación do *Konjunktiv II.*<br>• Os pronomes: Uso dos pronomes indefinidos<br>• Os adverbios: Formación de adverbios con *–einander*<br>• Léxico relacionado coa comunicación e a linguaxe<br>• Pronunciación das interxeccións<br><br>ESTRATÉXICO<br>• Crear un vídeotitorial<br>• Expresar desexo e sentimentos nunha conversa<br><br>DISCURSIVO<br>Traballaranse os textos periodísticos:<br>● Entradas nun foro, esquemas, sms, entrevistas, anuncios publicitarios, táboas, artigos de prensa, etc. |

| **Unidade 5** | **Technik gut, alles gut?** |
|---|---|
| **Temporalización: 27 de novembro ao 14 de decembro de 2023 (10 horas lectivas)** | |
| **Tema** | ***A técnica no mundo*** |
| **Tarefas** | **Comprensión lectora:**<br>Ler unhas palabras compostas e aclarar o seu significado. Ler descricións e explicar o seu contido coas propias palabras. Ler unhas afirmacións sobre a gamificación e/ou ler un artigo sobre viaxes individuais e realizar actividades relacionadas. Ler un texto sobre un museo alemán e realizar as actividades propostas<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar situacións e/ou conversas e identificar os problemas. Escoitar unhas afirmacións sobre a gamificación e identificar a información importante. Escoitar unha noticia de radio e realizar as actividades correspondentes<br><br>**Expresión escrita:**<br>Escribir un comentario sobre unha noticia de radio. Formular comentarios comparando as impresións sobre un texto. Escribir unha serie de frases en forma pasiva seguindo indicacións. Escribir uhna reseña sobre unha app<br><br>**Expresión oral:**<br>Describir como sería un día enteiro sen corrente eléctrica. Falar sobre os defectos da técnica e propoñer algún exemplo. Conversar sobre a motivación que se ten ou se poida ter para participar nun concurso. Falar en grupo sobre a experiencia no tocante ao tema da gamificación. Falar en grupo sobre as reaccións humanas ante un experimento e comparalas. Opinar sobre os temas importantes do futuro que nos preocupan. Comentar en grupo os argumentos recollidos nuns textos. Presentar en grupo información sobre un proxecto ambiental<br><br>**Mediación oral:** Organizar, cooperar e aclarar algo en común<br><br>**Mediación escrita:** Resumir un texto para aclarar e organizar unha actividade en común. |
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>● Falar sobre os avances da técnica<br>● Describir un problema ou fallo técnico<br>● Preguntar e dar indicacións<br>● Falar sobre os beneficios e obxectivos actuais da técnica |

| | |
|---|---|
| **Contidos** | <u>FUNCIONAL-COMUNICATIVO</u><br>● Expresar enfado e falar sobre as desvantaxes dos inventos técnicos<br>● Escribir un texto sobre determinados fallos técnicos<br>● Comprender definicións e textos sobre a gamificación. Organizar un programa e cooperar dialogando.<br>● Comprender una noticia de radio e un texto sobre un tema concreto<br>● Debater sobre viaxes individuais<br>● Escribir un comentario<br>● Entender diversas ideas para a solución dos problemas ambientais<br><br><u>SOCIOCULTURAL E SOCIOLINGÜÍSTICO</u><br>● A importancia do uso da técnica en prol do medio<br><br><u>LINGÜÍSTICO</u> (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>● Os pronomes: Uso obligatorio de *es* e uso de *es* como espaciador para *dass-Sätze*<br>● As Oracións: Uso das oracións de infinitvo + *zu* ou frases interrogativas indirectas<br>● Diferentes tipos de oraciones en voz pasiva<br>● Léxico relacionado co mundo e uso da técnica, ambiente e innovación<br>● A pronunciación de anglicismos<br><br><u>ESTRATÉXICO</u><br>• Aproveitar textos para a aprendizaxe de vocabulario do nivel intermedio<br><br><u>DISCURSIVO</u><br>Traballaranse varios tipos de texto relacionados co uso da técnica:<br>● Entradas nun foro, mapas mentais, tiras cómicas, esquemas, entrevistas, anuncios publicitarios, táboas, artigos de prensa, etc. |

| **Unidade 6** | **Gesundheit** |
|---|---|
| **Temporalización: 18 de decembro de 2023 ao 29 de xaneiro de 2024 (12 horas lectivas) / Probas do alumnado libre** | |
| **Tema** | ***A saúde*** |
| **Tarefas** | **Comprensión lectora:**<br>Ler unha entrevista, un foro de saúde, afirmacións vertidas ou ler un texto científico e realizar as actividades propostas. Interpretar unha gráfica e indicar a súa temática<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar unha conversa radiofónica entre varias persoas sobre a autooptimización e realizar as actividades correspondentes. Escoitar e comprender unha conversa durante unha cita médica. Escoitar unha conversa sobre un paciente que sufriu un accidente e realizar as actividades correspondentes<br><br>**Expresión escrita:**<br>Escribir un diálogo sobre un paciente que visita o médico. Escribir unha achega nun foro sobre a autooptimización. Escribir consellos sobre aplicacións de saúde. Formular frases relacionadas cunhas imaxes propostas. Resumir a información dunha listaxe de consellos para un paciente e engadir algúns consellos propios. Anotar o nome das molestias ou síntomas visibles nunha serie de imaxes. Completar o significado dunha serie de abreviaturas<br><br>**Expresión oral:**<br>Conversar en grupo sobre o número de horas que dorme cadaquén. Responder unhas preguntas sobre o tema durmir e soñar. Falar por parellas partindo dunha información concreta. Intercambiar impresións e experiencias sobre o tema durmir e dar consellos aos demais. Recompilar ideas en grupo sobre a autooptimización. Interpretar unha gráfica e indicar o seu contido e contestar unhas preguntas determinadas. Indicar que apps son especialmente populares actualmente. Falar sobre a experiencia de cadaquén como paciente. Reproducir diálogos médico-paciente durante unha consulta. Explicar a situación dunha persoa despois dun accidente. Realizar unha presentación sobre algunha institución ou persoeiro alemán relevante relacionado co mundo da saúde<br><br>**Mediación oral:** Falar sobre malentendidos que se poden producir durante unha visita médica e aclaralos |

| | |
|---|---|
| | **Mediación escrita:** Resumir por escrito para unha terceira persoa que non coñece o idioma o dito polo médico |
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>• Conversar sobre a saúde e a alimentación en xeral<br>• Informarse sobre os seguros médicos nunha determinada compañía<br>• Manter unha conversa sobre modos de vida saudables e os seus beneficios |
| **Contidos** | FUNCIONAL-COMUNICATIVO<br>● Entender unha entrevista sobre o tema de durmir e dar consellos para durmir ben<br>● Debater sobre o optimismo persoal<br>● Comprender un programa de radio<br>● Falar sobre unha gráfica<br>● Resumir e escribir achegas nun foro<br>● Falar sobre a comunicación durante unha cita médica<br>● Analizar unha conversa e reproducila<br><br>SOCIOCULTURAL E SOCIOLINGÜÍSTICO<br>• Semellanzas e diferenzas entre Alemaña e España no tocante á estrutura da Sanidade pública e privada<br><br>LINGÜÍSTICO (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>• As oracións: Oracións consecutivas relacionadas con outras<br>• Os verbos: Formación do *Konjuntiv II* do pasado<br>• Expresión de condicións irreais<br>• Léxico relacionado coa saúde e a alimentación.<br>• A acentuación na afirmación |
| | ESTRATÉXICO<br>• Comprender problemas de saúde complexos<br>• Dar consellos en caso de doenza<br><br>DISCURSIVO<br>Traballaranse textos informativos e descritivos relacionados coa saúde e a forma de coidarse: Entradas nun foro, conversas, etc. |

| **Unidade 7** | **Wieder was gelernt** |
|---|---|
| **Temporalización: 1 de febreiro ao 19 de febreiro de 2024 (10 horas lectivas)** | |
| **Tema** | ***A Aprendizaxe durante a idade adulta*** |
| **Tarefas** | **Comprensión lectora:**<br>Ler as reaccións contidas nun programa de radio e completar as actividades propostas. Ler un correo electrónico, os comezos duns diálogos, un artigo sobre os estudos superiores, un recorte dun periódico, as condicións comerciais dun curso e un texto sobre as *Volkshochschulen* en Alemaña e resolver as tarefas que se indiquen<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar os comentarios dunha serie de persoas, unha conversa na cafetaría dunha Universidade, diálogos sobre a titoría dunha profesora da Universidade, unha presentación breve sobre a promoción dos rapaces na escola e desenvolver as tarefas propostas<br><br>**Expresión escrita:**<br>Escribir un correo electrónico a unha profesora universitaria para solicitarlle consello sobre un tema por elixir. Redactar un resumo dun texto sobre a igualdade de oportunidades no eido da educación. Formular consellos sobre cousas divertidas. Escribir un artigo sobre os estudos, partindo dunha información determinada<br><br>**Expresión oral:**<br>Falar en grupo sobre as últimas aprendizaxes. Practicar diálogos dunha titoría cunha profesora da Universidade. Falar sobre aquilo que mudou no que respecta aos estudos co transcurso do tempo. Comentar o que se sabe do sistema escolar alemán e comparalo co sistema do propio país. Realizar unha presentación sobre un persoeiro do propio país ou doutro que estea relacionado co eido da educación. Contestar unhas preguntas relacionadas co monte.<br><br>**Mediación oral:** Explicarlle a unha persoa que desexa solicitar unha hora de titoría na Universidade o que cómpre ter en conta para tal solicitude<br><br>**Mediación escrita:** Redactar un resumo sobre a igualdade de oportunidades no eido da educación |

| | |
|---|---|
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>• Comprender as entradas dun blog ou programa de radio, así como as reaccións correspondentes<br>• Falar sobre métodos de aprendizaxe<br>• Comprender e guiar conversacións nas que se trasladan consellos<br>• Comprender textos sobre a historia da aprendizaxe<br>• Entender a información contida en textos, gráficos e presentación e resumilas por escrito<br>• Falar sobre proxectos sociais actuais |
| **Contidos** | FUNCIONAL-COMUNICATIVO<br>• Dar consellos sobre a aprendizaxe<br>• Comprender as condicións comerciais para a reserva dun curso e reproducilas coas propias palabras<br><br>LINGÜÍSTICO (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>• A oración: Formación de diferentes maneiras de complementos circunstanciais de tempo<br>• O uso dos conectores temporais<br>• Os Adverbios: Formación e uso dos adverbios terminados en –*weise*<br>• Léxico relacionado cos estudos e etapas escolares<br>• Lugares onde estudar e lugares de ensino de adultos en Alemaña<br>• A pronunciación das vogais breves e longas<br><br>ESTRATÉXICO<br>• Estudar de forma conxunta<br>• Escribir un resumo<br><br>DISCURSIVO<br><br>Traballaranse diferentes tipos de texto, fundamentalmente descritivos que versarán sobre a estrutura dos estudos nas diferentes etapas:<br>Entradas nun foro, artigos nun blog, esquemas, sms, entrevistas, anuncios, táboas, artigos de prensa, etc. |

| **Unidade 8** | **Einfach menschlich** |
|---|---|
| **Temporalización: 22 de febreiro ao 7 de marzo de 2024 (10 horas lectivas)** | |
| **Tema** | ***As relacións e o contacto coas persoas*** |
| **Tarefas** | **Comprensión lectora:**<br>Ler as partes dunha canción, un texto sobre a variedade no traballo, sobre a amizade e desenvolver as actividades propostas. Consultar unha listaxe de recursos expresivos para preguntar por información e poder fornecela. Ler un correo electrónico dun provedor e contestar unhas preguntas. Ler un texto sobre a integración e realizar as actividades que cumpran<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar unha conversa coa responsable de recursos humanos dunha empresa e realizar as actividades propostas. Escoitar conversas informais entre amigos e indicar o tema. Escoitar unha reunión de traballo e desenvolver as actividades correspondentes. Escoitar unha serie de conversas sobre preguntas persoais e resolver determinadas actividades<br><br>**Expresión escrita:**<br>Resumir un texto sobre unha empresa. Redactar un artigo sobre un programa de radio que se escoitou, partindo dunhas preguntas. Formular frases para describir una serie de cousas. Escribir una serie de frases comparando cousas. Reescribir o texto dun correo electrónico con erros<br><br>**Expresión oral:**<br>Comentar en grupo de que tareas se ocupa o departamento de persoal/recursos humanos dunha empresa. Falar en grupo sobre os resultados dunha enquisa relacionada coa amizade. Conversar sobre a amizade segundo a experiencia de cadaquén. Expresarse sobre as preferencias canto a un evento dado e argumentar. Iniciar unha conversa telefónica para reclamar algo a un provedor. Realizar unha presentación sobre unha institución ou un persoeiro relevante do propio país ou doutro que estea relacionado co tema da convivencia<br><br>**Mediación oral:** Chamar por teléfono a un provedor para reclamar algo ou para solicitar información<br><br>**Mediación escrita:** Formular un escrito formal a un provedor de eventos e solicitar información |

| | |
|---|---|
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>• Falar sobre a variedade existente no tocante a postos de traballo<br>• Reaccionar de forma axeitada a preguntas persoais<br>• Comunicarse cunha empresa de servizos |
| **Contidos** | <u>FUNCIONAL-COMUNICATIVO</u><br>• Comprender textos sobre a política de persoal nas empresas<br>• Falar sobre a variedade ou diversidade no tocante aos postos de traballo<br>• Comprender textos sobre a amizade<br>• Expresar sentimentos diferenciados e de maneira axeitada<br>• Comprender informes sobre a experiencia laboral<br>• Falar e escribir sobre as propias expectativas<br>• Comparar algo, organizar un evento de equipo, tratar con alguén que presta servizos<br><br><u>LINGÜÍSTICO</u> (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>• As preposicións: Nomes, adxectivos e verbos acompañados dunha preposición concreta<br>• Léxico relacionado coas relacións e o contacto entre as persoas no traballo<br>• Entoación ao expresarmos ironía<br><br><u>ESTRATÉXICO</u><br>• Preparar solicitudes ou peticións<br><br><u>DISCURSIVO</u><br>Traballaranse os textos informativos e descritivos con temática relacionada co mundo laboral e os tipos de empresas, así como diálogos relacionados con peticións formais a unha empresa, facendo uso dos recursos expresivos para preguntar por información |

| **Unidade 9** | ***Gut wirtschaften*** |
|---|---|
| **Temporalización: 31 de marzo ao 21 de marzo de 2024 (8 horas lectivas)** | |
| **Temas** | ***Economía e finanzas*** |
| **Tarefas** | **Comprensión lectora:**<br>Ler un texto sobre economía, turismo sostible, anuncios, reclamacións, empresas *start-up* e desenvolver as tarefas propostas<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar un programa de radio, unha entrevista, unha presentación sobre o mundo empresarial e o emprendemento e realizar as actividades correspondentes. Escoitar varias conversacións sobre os bancos e facer as actividades propostas<br><br>**Expresión escrita:**<br>Escribir textos relacionados co turismo. Completar un correo electrónico cos recursos expresivos correspondentes. Escribir afirmacións sobre unha gráfica. Redactar unha entrada nun foro a modo de opinión<br><br>**Expresión oral:**<br>Comentar os resultados e posibles preguntas sobre a maneira de pechar un bo negocio. Expresar a opinión persoal sobre Austria como destino turístico favorito. Presentar un exemplo de turismo sostible. Falar en grupo sobre diñeiro e consumo. Manter unha conversa sobre empresas de nova creación. Presentar unha empresa *start-up* en clase, facendo uso dos recursos expresivos dados. Practicar diálogos relacionados con situacións concretas nun banco. Realizar unha presentación sobre persoas ou organizacións importantes para a economía<br><br>**Mediación oral:** Explicar a unha persoa que non puido estar presente nunha presentación dunha empresa *start-up* o concepto e toda a información necesaria de xeito resumido<br><br>**Mediación escrita:** Redactar un resumo sobre tres aspectos importantes dunha empresa *start-up*, non moi coñecida |
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>• Falar sobre a economía<br>• Manter unha conversa nun banco<br>• Debater sobre temas económicos<br>• Formular preguntas e responder outras |

| | |
|---|---|
| **Contidos** | <u>FUNCIONAL-COMUNICATIVO</u><br>• Comprender textos informativos sobre economía e finanzas<br>• Comprender textos sobre o turismo sostible e falar sobre o tema<br>• Falar sobre a actitude consumista das persoas<br>• Comprender un programa de radio<br>• Escribir unha reclamación<br>• Comprender unha entrevista<br>• Explicar propostas<br>• Tomar notas para unha presentación<br>• Definir e explicar un novo concepto<br><br><u>LINGÜÍSTICO</u> (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)-<br>• A oración: Formación da oración pasiva sen suxeito<br>• A oración: Expresar contraargumentos e réplicas<br>• A oración: Uso das oracións concesivas<br>• Léxico relacionado co turismo e as empresas de nova creación<br>• Recursos para reforzar o discurso<br><br><u>ESTRATÉXICO</u><br>• Tomar nota de manera efectiva.<br><br><u>DISCURSIVO</u><br>Traballaranse tipos de texto sobre experiencias relacionadas con empresas de nova creación: Entradas nun foro, mapas mentais, esquemas, sms, entrevistas, anuncios publicitarios, etc. |

| | |
|---|---|
| **Unidade 10** | **Kunstvoll** |
| **Temporalización: 4 de abril ao 18 de abril de 2024 (10 horas lectivas)** | |
| **Temas** | ***Arte e cultura*** |
| **Tarefas** | **Comprensión lectora:**<br>Ler un texto sobre persoas interesadas na arte, a creatividade, a entrada dun blog, o fragmento dunha novela e realizar unhas actividades. Ler unha entrevista a unha escritora e realizar determinadas actividades por parellas<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar unha audioguía dun *tour* por unha cidade coa axuda dun plano, identificar os lugares que se mencionan e realizar outras actividades. Escoitar un programa de radio sobre unha novela e contestar unhas preguntas. Escoitar a descrición dun cadro e completala<br>Escoitar unha entrevista nunha emisora de radio e marcar se son verdaderas ou falsas unhas afirmacións relacionadas. Escoitar a descrición dun cadro e realizar un bosquexo<br><br>**Expresión escrita:**<br>Escribir un comentario para un blog, recomendando unha serie ou unha película e argumentar a escolla. Completar unha conversa con recursos expresivos relacionados coa temática. Escribir un correo electrónico a un amigo cinéfilo sobre un estudo de rodaxe coñecido. Redactar unha breve descrición sobre unha obra literaria de elección propia<br><br>**Expresión oral:**<br>Falar sobre a cidade de Múnich. Conversar en grupo sobre o mundo da arte. Falar sobre os gustos ou preferencias con respecto á televisión. Describir un cadro a partir dun modelo dado. Realizar unha presentación sobre unha institución ou un persoeiro interesante para o mundo da arte e a cultura. Falar sobre as oportunidades e riscos, así como as vantaxes e inconvenientes de ter intelixencia artística<br><br>**Mediación oral:** Recomendar un libro ou unha película a unha terceira persoa, aceptar a impresión persoal doutra persoa<br><br>**Mediación escrita:** Redactar unha descrición sobre un procedemento |
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>• Comprender e falar sobre lugares de interese turístico e sobre os artistas<br>• Describir un cadro<br>• Falar sobre cualquera tipo de manifestación artística e sobre a vida dun/dunha artista |

| Contidos | SOCIOCULTURAL E SOCIOLINGÜÍSTICO<br>• A importancia da arte e a cultura dunha cidade como aposta turística<br><br>LINGÜÍSTICO (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>• As oracións: Formación e uso das oracións subordinadas de relativo con *wer, wen, wem*<br>• Os verbos: Uso da voz pasiva con *werden/sein* para describir procesos e estados<br>• Léxico relacionado coa arte e a cultura.<br>• Adxectivos con diversas terminacións: *-bedürftig, -bereit, -fähig, -süchtig, -tüchtig*<br>• Práctica de trabalinguas<br><br>ESTRATÉXICO<br>• Expresar a maneira de proceder para aclarar un asunto<br>• Descrición de películas ou series e dunha obra de arte<br>• Atopar solucións creativas<br><br>DISCURSIVO<br>Traballaranse textos descritivos relacionados coa arte:<br>Entradas nun foro, mapas mentais, esquemas, sms, entrevistas, anuncios publicitarios, etc. |
|---|---|

| Unidade 11 | Viel zu tun |
|---|---|
| **Temporalización: 22 de abril ao 6 de maio de 2024 (10 horas lectivas)** | |
| Temas | ***Traballo e profesións*** |
| Tarefas | **Comprensión lectora:**<br>Ler a valoración dun test previamente realizado para coñecer o perfil propio. Ler unha acta e comparala coas anotacións. Ler a información previa a unha reunión. Ler un cadro-resumo de estratexias para redactar unha acta.<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar unha entrevista, unha reunión de traballo, unha presentación informativa sobre a opción de estudar en Alemaña, un debate e realizar as actividades que cumpran<br><br>**Expresión escrita:**<br>Escribir frases facendo uso de determinados conectores modais. Escribir unha serie de consellos con diversos conectores e preposicións dados. Escribir un comentario sobre a cita dun experto en linguaxe corporal. Redactar unha carta de despedimento voluntario seguindo modelos fornecidos<br><br>**Expresión oral:**<br>Falar en grupo establecendo comparacións entre as diferentes reaccións xurdidas en determinadas situacións laborais. Conversar en grupo sobre os efectos que poden provocar unhas persoas a outras. Debater sobre a mellor maneira de redactar unha acta o un protocolo, así como as normas existentes. Intercambiar opinións sobre o estrés e as situacións de estrés. Dar consellos para reducir o estrés. Explicar os contidos clave dunha presentación sobre as posibilidades de estudar en Alemaña. Realizar unha presentación sobre unha institución ou un persoeiro coñecido realcionado co mundo do traballo<br><br>**Mediación oral:** Conversar sobre os convencionalismos no que atinxe aos xestos, formalidade e distancia<br><br>**Mediación escrita:** Aconsellar por escrito sobre como falar en público ou dirixirse a terceiras persoas no traballo, proporcionando unha listaxe de puntos importantes |
| Obxectivos | SER CAPAZ DE:<br>• Conversar sobre situacións reais que se dan en calquera traballo<br>• Tomar a palabra. Reaccionar ante unha interrupción. Pedir falar con alguén<br>• Debater sobre a maneira de expresarse no traballo segundo unha situación concreta |

| Contidos | FUNCIONAL-COMUNICATIVO<br>• Elaborar un test psicolóxico e falar sobre os resultados<br>• Entender unha entrevista de traballo<br>• Falar da linguaxe corporal<br>• Describir como se desenvolve algo<br>• Tomar nota durante unha reunión e escribir un protocolo<br>• Comprender un texto sobre o estrés no posto de traballo<br>• Repetir as declaracións de terceiras persoas<br><br>SOCIOCULTURAL E SOCIOLINGÜÍSTICO<br>• A importancia dos bos modais no traballo para sermos respectados<br><br>LINGÜÍSTICO (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>• Os verbos: Formación e uso do *Konjuntiv I* para o estilo indirecto<br>• As oracións: Forma e modo no uso de conectores modais (*Wie?, Wodurch?*)<br>• Léxico relacionado co mundo laboral e as profesións<br>• Pronunciación dos diferentes son consonánticos *f, w, v*<br><br>ESTRATÉXICO<br>• Crear diapositivas<br>• Preparar e realizar unha presentación<br>• Regras para realizar unha acta ou protocolo<br><br>DISCURSIVO<br>Traballaranse textos que inclúan información relacionada co uso da linguaxe non verbal no traballo: Entradas nun foro, mapas mentais, esquemas, sms, entrevistas, anuncios publicitarios, etc. |
|---|---|

| **Unidade 12** | **Aufgepasst!** |
|---|---|
| **Temporalización: 9 de maio ao 23 de maio de 2024 (8 horas lectivas)** | |
| **Temas** | ***Dereito, xustiza e delincuencia*** |
| **Tarefas** | **Comprensión lectora:**<br>Ler un texto sobre a delincuencia, sobre unha empresa de ciberseguridade e/ou un correo electrónico sobre os perigos na rede e realizar as tarefas correspondentes<br><br>**Comprensión auditiva:**<br>Escoitar escenas breves e relacionalas coas imaxes correspondentes. Escoitar as diferentes partes dunha presentación sobre unha profesión emocionante e resolver as actividades propostas<br><br>**Expresión escrita:**<br>Redactar un anuncio para o periódico ou unha mensaxe para un amigo sobre diferentes escenas previamente traballadas e comparalas coas dos/das demais compañeiros/as. Escribir a entrada para un foro sobre a importancia da emocións canto á profesión de cadaquén<br><br>**Expresión oral:**<br>Falar en grupo sobre unha serie de escenas visuais e indicar o que ocorre en cada unha de elas. Expresar a opinión persoal con respecto a situacións de delincuencia ou infraccións. Debater sobre o tema da delincuencia xuvenil, achegando argumentos, opinións e experiencias propias. Realizar unha presentación sobre algunha organización que se dedica a proxectos sociais. Falar en grupo sobre as profesións que a cada un/unha lle parezan emocionantes. Falar sobre a experiencia propia ou sobre a de persoas achegadas que fosen vítimas de ciberdelincuencia. Realizar unha presentación sobre algunha institución ou algún persoeiro do propio país ou doutro que resulte interesante e que estea relacionado co tema da delincuencia<br><br>**Mediación oral:**<br>Resumir para outra persoa información procedente de fontes orais<br><br>**Mediación escrita:**<br>Resumir por escrito para outra persona cualquera información sobre un suceso relacionado coa delincuencia a modo de advertencia |
| **Obxectivos** | SER CAPAZ DE:<br>• Falar sobre o respecto pola lei, profesións emocionantes e o perigro na rede<br>• Contar algo emocionante<br>• Falar sobre aspectos legais e a preocupación polos perigos aos que estamos expostos decotío |

| | |
|---|---|
| **Contidos** | FUNCIONAL-COMUNICATIVO<br>• Describir situacións<br>• Escribir un texto sobre unha escena cualquera<br>• Comprender un programa de radio relacionado coa temática da unidade<br>• Expresar suposicións<br>• Comprender un artigo periodístico e establecer un debate<br>• Presentar un proxecto social<br>• Entender reportaxes sobre profesións emocionantes e falar sobre elas<br>• Escribir unha entrada nun foro<br>• Comprender unha presentación sobre ciberdelincuencia e falar dela<br>• Resumir unha presentación e unha conversación<br><br>SOCIOCULTURAL E SOCIOLINGÜÍSTICO<br>Semellanzas e diferenzas entre Alemaña e España con respecto á xestión da ciberdelincuencia<br><br>LINGÜÍSTICO (gramática / léxico / fonoloxía e ortografía)<br>• As oracións: Formación e uso de oracións adversativas con diferentes conectores ou preposicións<br>• Os verbos: A expresión de suposicións (en presente e pasado)<br>• Léxico relacionado coa xustiza, o dereito e a delincuencia<br>• A entoación como recurso para espertar o interese<br><br>ESTRATÉXICO<br>• Comprender un anuncio servíndose da suposición e escribir outros<br>• Escoitar textos máis extensos<br><br>DISCURSIVO<br>Traballaranse textos que inclúan información relacionada coa delincuencia:<br>Entradas nun foro, mapas mentais, esquemas, sms, entrevistas, anuncios publicitarios, etc. |

## 6.7. Recursos de aprendizaxe para o nivel

### 6.7.1. Bibliografía

Libros de texto

*KONTEXT B2 – KURSBUCH MIT AUDIOS UND VIDEOS, VV.AA., Verlag: Klett Sprachen, ISBN: 978-3-12-605342-6*

*KONTEXT B2 – ÜBUNGSBUCH MIT AUDIOS,* VV.AA., Verlag: Klett Sprachen, ISBN: 978-3-12-605343-3

*Lectura recomendada*

*SCHACHNOVELLE*, de Stefan Zweig Fischer Taschenbuch, ISBN 3-596-21522-6

Materiais complementarios recomendados

DICCIONARIO MONOLINGÜE „DEUTSCH ALS FREMDSPRACHE“, Editorial Langenscheidt, ISBN 3-468-49028-3

EM-ÜBUNGSGRAMMATIK DAF, Editorial Hueber, ISBN 001657-7

DEUTSCH ÜBEN BAND 3 / 4 “WEG MIT DEN TYPISCHEN FEHLERN”, Editorial Hueber, ISBN 007451-8

DEUTSCH ÜBEN BAND 5 / 6 „SAG’S BESSER“, Editorial Hueber, ISBN 007453-5VERBOS ALEMANES. DICIONARIO DE CONJUGACIÓN Y COMPLEMENTACIÓN, de Braucek, B. / Castell, A. Ed. Idiomas, 2002, ISBN 84-8141-025-X

MITTELPUNKT B2, Grammatiktrainer 978-3-12-676603-6; (identisch mit: 3-12-676603-X)

MITTELPUNKT B2, Intensivtrainer. Übungsheft Lese- und Hörverstehen + Audio-CD ; 978-3-12- 676604-3 (identisch mit: 3-12-676604-8)

### 6.7.2. Recursos didácticos achegados polo profesorado

Ao longo do curso o profesorado achegará así mesmo materiais axeitados ao desenvolvemento das actividades de ensino - aprendizaxe co obxectivo de repasar contidos, profundar neles, presentar novos contidos etc.

Os materiais extra poden consistir en:

- tarxetas (por exemplo *cue cards* para as actividades de conversa guiada, etc.)
- follas de exercicios ben elaboradas polo profesorado, ben fotocopiadas doutros manuais
- *tests* de repaso
- xogos ("Memory" e similares)
- películas e anuncios publicitarios en soporte audiovisual
- canciónspoemas e adiviñas
- apoio xeral e diversificado por medio de Internet, etc.

### 6.7.3. Materiais elaborados polo profesorado

Ademais de redaccións, o alumnado tamén elaborará outros tipos de textos como guións con preguntas para entrevistas na clase, contos, textos publicitarios, etc.

En consonancia coa metodoloxía de aprendizaxe por tarefas e a través da acción postulada no MECRL, o alumnado poderá elaborar tamén murais e carteis para colgar na aula, guións para entrevistas na clase ou similares.